

Conflitos na aplicación da lexislación das condicións laborais e de seguridade social aos traballadores de plataformas marítimas

Conflicts in the Enforcement of Labour and Social Security Conditions to Offshore Platforms Workers



MARÍA-ASUNCIÓN LÓPEZ-ARRANZ

Universidade da Coruña, Departamento de Dereito Público Especial,
Facultade de Ciencias do Traballo, Esteiro, 15471 Ferrol, España
<a.larranz@udc.gal>

Recibido: 25/06/2015

Aceptado: 20/07/2015

Resumo

Analizamos aquí os conflitos xurdidos na aplicación da regulación legal das condicións laborais e de seguridade social ás persoas que prestan os seus servizos como traballadoras a bordo de plataformas marítimas, alén de na determinación da lexislación que rexe o seu caso concreto. Sobre tales conflitos tiveron que pronunciarse os tribunais, e é na principal xurisprudencia que se repara neste traballo, que se realizou tendo en conta a interpretación e aplicación das normas que fan tanto os tribunais españois como o mesmo Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Ademais, comprobamos a escasa presenza de normas especificamente laborais e de seguridade social que regulen o traballo destes profesionais.

Palabras chave: lexislación, xurisdición, traballadores, plataforma marítima.

Abstract

We analyse here the conflicts that arise in the implementation of the legal regulation of labour and social security conditions of people who offer their services as workers aboard offshore platforms, in addition to the conflicts encountered in determining the applicable law in this case. The courts have had to rule on such disputes, and in this paper we focus on the main case law, considering the interpretation and application of the rules that make both Spanish courts as the same Court of European Union. Also, we check the limited presence of specific labour and social security rules governing the work of these professionals.

Keywords: *Legislation, Jurisdiction, Workers, Offshore platforms.*

I. Introducción

1. O do mar é un traballo senlleiro precisamente polo medio en que se realiza. E tamén complexo, pola presenza como centro de traballo non só do buque, senón tamén das plataformas marítimas. É da actividade laboral que se presta nestas últimas que se ocupa este traballo, pois, a diferenza da figura do buque como centro de traballo móbil ou itinerante, as plataformas marítimas non contan cun nivel de estudos xurídicos que se atope en correspondencia coa súa importancia e identidade, cando menos no que se refire á disciplina xurídica do dereito do traballo e a seguridade social. Así, atopámonos cun traballo de produción continua 24 horas, 365 días ao ano, en que se utiliza tecnoloxía de vangarda e en que as condicións de prestación da actividade poden poñer en perigo a vida dos traballadores, ben sexa pola posibilidade de se produciren accidentes laborais (derramamentos de substancias tóxicas, riscos de incendios e explosións etc.) ou ben porque o ambiente de traballo é altamente perigoso e insalubre (ruídos elevados, altas temperaturas, réxime de traballo en quendas etc.). Por todo iso haberá que protexer os traballadores e, daquela, ver cales son as normas que regulan os seus dereitos.

Podemos adiantar que a normativa que regula as relacións laborais dos traballadores de plataformas marítimas é escasa, por non dicir inexistente, o que leva en moitos casos a verdadeiras peregrinacións xurídicas para identificar a normativa aplicable ao caso concreto; dificultade esta á cal cómpre engadírmolle a que representa que os devanditos traballadores poidan estar suxeitos a máis dunha lexislación nacional en materia de seguridade social. Así as cousas, a demanda dun traballo decente non resulta suficiente para garantir todos os dereitos dos traballadores das plataformas marítimas, que deberían estar protexidos por unha regulación propia ou ser incluídos nas xa existentes. A protección social, en concreto os niveis desta protección, son esenciais para a recuperación, o desenvolvemento inclusivo e a xustiza social (Carril Vázquez, 2015).

O estudo que presentamos articúlase en cinco partes máis unhas conclusións, cunha listaxe de bibliografía de referencia ao final. Nesta primeira parte quixemos presentar e xustificar o motivo do artigo. A segunda trata a protección dos traballadores de plataformas marítimas na normativa internacional. A terceira dedícase á protección dos traballadores de plataformas marítimas na Unión Europea (UE), isto é, na normativa específica comunitaria. Na cuarta e na quinta parte, por último, abórdanse a normativa española de aplicación e a xurisprudencia desenvolvida ao respecto.

II. A protección internacional dos traballadores de plataformas marítimas

2. A primeira norma internacional do noso interese é a Convención sobre alta mar aprobada en Xenebra o 29 de abril de 1958 pola Organización das Nacións Unidas (ONU). Nela non se fai mención expresa ás plataformas marítimas, soamente se fala da colocación de cables e tubaxes no leito mariño («todo estado ten dereito de tender sobre o leito da alta mar cables e tubaxes submarinos», art. 26), mais dalgunha maneira parece estar creando o dereito a establecer instalacións en alta mar, sen concretar nada sobre infraestruturas ou construcións como as plataformas marítimas.

Posteriormente aprobouse a Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar, asinada en Montego Bay (Xamaica) o 10 de decembro de 1982 e de que a UE se converteu en parte mediante a Decisión 98/392/CE do Consello, do 23 de marzo de 1998. No art. 56, epígrafes a) e b).i), desta convención regulouse o dereito xurisdiccional dos estados, dentro da súa zona económica exclusiva, ao «establecemento e uso de illas artificiais, instalacións e estruturas»; e no art. 60 atribúeselles aos estados a xurisdición sobre estas construcións e un dereito exclusivo de construílas, autorízalas e regulamentalas, alén de se dispor que o estado riberego terá xurisdición exclusiva en materia de leis e regulamentos aduaneiros, fiscais, sanitarios, de seguridade e de inmigración (art. 60.2) (Rodríguez Cope, 2005). Finalmente, a norma sinala que estas instalacións e estruturas non posúen a condición xurídica de illas nin teñen mar territorial propio, e que a súa presenza non afecta á delimitación do mar territorial, da zona económica exclusiva ou da plataforma continental (art. 60.8).

Como se pode apreciar, das dúas normas indicadas, unha delas non menciona as plataformas e a outra unicamente se refire á xurisdición e a soberanía sobre certas estruturas entre as que se poden incluír as plataformas marítimas («illas artificiais, instalacións e estruturas»). Podemos dicir daquela, sen lugar a dúbida, que as plataformas marítimas no dereito internacional teñen unha escasa regulación.

3. O dereito internacional do traballo, a través dos convenios da Organización Internacional do Traballo (OIT), clasificou os traballadores do mar, mais sen distinguir de maneira específica aqueles que desempeñan o seu labor a bordo de plataformas marítimas: fálase de xente de mar, pescadores e traballadores portuarios. Esta ausencia sorpréndenos, aínda que ten certa lóxica, dado que, en primeiro lugar, a OIT non aprobou nin un só convenio específico sobre estes traballadores do mar; e, en segundo lugar, as contadísimas ocasións en que se alude a eles son xustamente para excluílos. Así, no Convenio da OIT sobre a seguridade social da xente do mar, 1987, C165, sinálase o seguinte:

Artigo 1

Para os efectos deste convenio:

[...]

c) a expresión xente de mar comprende as persoas ocupadas en calquera calidade a bordo dun buque de navegación marítima que estea dedicado ao transporte de mercadorías ou de pasaxeiros con fins comerciais, ou que sexa utilizado para calquera outra finalidade comercial ou sexa un remolcador de navegación marítima, coa exclusión das persoas ocupadas en:

[...]

(ii) embarcacións tales como plataformas petroleiras e de perforación, cando non están a navegar; a decisión relativa aos buques e plataformas a que se refiren os incisos i) e ii) corresponde á autoridade competente de cada país, logo de consulta coas organizacións máis representativas de armadores e xente de mar.

De maneira que para o C165 os traballadores de plataformas marítimas quedan fóra do seu ámbito regulador.

4. Pola súa vez, a importante publicación do Convenio da OIT sobre traballo marítimo, 2006, CTM 2006, considerado como fundamental na protección dos traballadores do mar, deixou de lado de novo estes traballadores que tamén realizan a súa actividade no mar e en todo o mundo. No CTM 2006 a definición de xente de mar ou mariño/a que figura no art. II.1.f) abrangue «toda persoa que estea empregada ou contratada ou que traballe en calquera posto a bordo dun buque a que se aplique este convenio»; e o buque é definido no art. II.1.i) como «toda embarcación distinta das que navegan exclusivamente en augas interiores ou en augas situadas dentro de ou nas inmediacións de augas abrigadas ou de zonas en que rexan regulamentacións portuarias».

Para a xente do mar no sentido recollido no CTM 2006 a entrada en vigor desta norma supuxo un reforzamento dos principios que rexen o seu traballo e dos seus dereitos fundamentais, unha maior información acerca dos dereitos que se lle recoñecen e do seu mellor exercicio, un maior control do cumprimento das condicións mínimas de vida e de traballo, o dereito a presentar queixas e reclamacións, tanto a bordo como en terra, ou mesmo a identificación inequívoca dos armadores con responsabilidade xeral para os efectos da aplicación deste convenio. Ora ben, sen deixar de recoñecer o papel deste texto fundamental para a xente do mar, para a protección das súas condicións de traballo, a realidade é que deixa marxinaada unha parte de traballadores que terá que acudir á equiparación e á analoxía entre buque e plataforma que se efectúe dentro dos ordenamentos nacionais para a súa aplicación.

III. A protección dos traballadores de plataformas marítimas na Unión Europea

5. Como puidemos apreciar até agora, a situación internacional da regulación das plataformas marítimas podería cualificarse de abandono. Comprobaremos agora cal é a situación na UE, que ocorre cos regulamentos ou directivas en que se trata o caso destes traballadores.

Aínda que con carácter xeral as directivas da UE en materia de dereito laboral son aplicables a todos os sectores de actividade e todas as categorías de traballadores, no entanto, a xente de mar está excluída –ou pode quedar excluída– do ámbito de aplicación de varias directivas sen ningunha xustificación expresa. De feito, na actualidade non existe unha directiva específica que regule o réxime dos traballadores que prestan os seus servizos en plataformas marítimas, nin sequera un xenérico referente á xente do mar; o que hai é unha directiva do Parlamento Europeo e do Consello relativa á xente de mar, a Directiva 2015/1794, do 6 de outubro, pola que se modificar as directivas 2008/94/CE, 2009/38/CE, 2002/14/CE, 98/59/CE e 2001/23/CE para incluír nelas a xente de mar, pero nada sobre os traballadores das plataformas que se sitúan en mar aberto. Os principais obxectivos da UE nesta materia son incrementar o nivel de protección dos dereitos recollidos na Carta dos dereitos fundamentais da UE na lexislación laboral europea, dun lado; e, do outro, garantir no seu seo unhas condicións de competencia equitativas entre os estados. Isto ademais de alcanzar os obxectivos xerais enunciados no art. 151 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, é dicir, o fomento do emprego, a mellora das condicións de vida e de traballo, unha protección social adecuada e o diálogo social.

6. Así as cousas, o Consello de Ministros para o Desenvolvemento da Política Social da UE aprobou a Directiva 1794/2015 sobre inclusión de certos traballadores do mar despois de que a propia Comisión propuxese unha reforma para incluír este colectivo nas normativas europeas relativas aos dereitos dos traballadores. O mesmo Consello manifestouse en contra de que os traballadores do mar sufrisen un trato desigual, xa que os estados membros podían, até o momento, excluílos da normativa vixente sen ter que xustificalo ante ningún órgano europeo. Isto provocaba que en función do país en que operasen, os traballadores deste sector se enfrontasen a unha situación xurídica diferente en función da normativa estatal e non da comunitaria.

Alén disto, a UE, a través da Directiva 2013/54/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, sobre determinadas responsabilidades do estado do pavillón en materia de cumprimento e control da aplicación do Convenio sobre o traballo

marítimo, de 2006, e a Decisión 2007/431/CE do Consello, do 7 de xullo de 2007, autorizou os estados membros a ratificar o CTM 2006 canto antes. A finalidade da Directiva 2013/54/UE é establecer normas para asegurar que os estados membros cumpran efectivamente as súas obrigas como estado do pavillón polo que respecta á aplicación das partes pertinentes do CTM 2006. Esta directiva non afecta á aplicación das directivas 2009/13/CE e 2009/21/CE, así como tampouco á de ningunha mellora das condicións de vida e traballo para a xente do mar. Ordénase nela, para alén, que os estados membros adopten as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para lle dar cumprimento ao que dispón como moi tarde o 31 de marzo de 2015.

7. Como vemos, a regulación da UE sobre a materia que nos ocupa é pouco menos que inexistente, mais outro tanto podemos dicir sobre a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE), pola pouca casuística que existe no tocante aos traballadores que prestan servizos en plataformas marítimas. Podemos referirnos unicamente á Sentenza do 17 de marzo de 2012 (C-347/10), en que o TXUE analizou o caso dun traballador empregado nunha plataforma de extracción de gas situada na plataforma continental adxacente aos Países Baixos, ao cal se lle denegou o dereito a cobrar unha pensión de incapacidade. Neste caso o TXUE determinou que «segundo o artigo 13, apartado 2 letra a) do Regulamento n.º 1408/71, a persoa que exerza unha actividade por conta allea no territorio dun estado membro estará sometida á lexislación deste estado, mesmo cando resida no territorio doutro estado membro».

A cuestión aquí debatida foi a norma que cumpría aplicar, ben a do lugar onde se realizaba a actividade, que non era outro que unha plataforma situada fóra das augas territoriais neerlandesas, ou ben a do territorio nacional neerlandés, cuxo goberno, xunto coa empresa, se ativeron ao alcance do Regulamento n.º 1408/71. Así, discutíuse a aplicabilidade do dereito da UE ás plataformas continentais, sobre o cal se determinou que a plataforma continental adxacente a un estado membro está sometida á súa soberanía, aínda que de maneira funcional e limitada, e que para os efectos de aplicación do dereito da UE debe considerarse o traballo levado a cabo en instalacións fixas ou flotantes situadas sobre a devandita plataforma no marco das actividades de explotación do devandito estado. Deste xeito, por exemplo, o estado membro que se beneficia das prerrogativas económicas da explotación de recursos en parte da plataforma continental non pode subtraerse á aplicación das disposicións de dereito da UE dirixidas a garantir a libre circulación dos traballadores que exercen a súa actividade profesional en tales instalacións, malia os estados membros conservaren a súa competencia para determinar os requisitos de afiliación (Carril Vázquez, 2015).

IV. A protección dos traballadores de plataformas marítimas en España

8. No tocante á protección social dos traballadores que prestan servizos en plataformas marítimas en España, cabe notarmos, en primeiro lugar, que ao igual que o resto da cidadanía están amparados pola Constitución española:

Artigo 40

[...]

2. Ademais, os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e readaptación profesionais, mirarán pola seguridade e hixiene no traballo e garantirán o descanso necesario, mediante a limitación da xornada laboral, as vacacións periódicas retribuídas e a promoción de centros adecuados.

Artigo 41

Os poderes públicos manterán un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres.

[...]

Artigo 43

1. Recoñécese o dereito á protección da saúde.
2. Correspóndelles ós poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública mediante medidas preventivas e as prestacións e servizos necesarios. No tocante a iso a lei establecerá os dereitos e deberes de todos.
3. Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e mailo deporte. Tamén facilitarán a adecuada utilización do lecer.

Dito isto, cómpre citarmos o Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e mariña mercante, de acordo con cuxo art. 9.4 unha plataforma marítima é «todo artefacto ou instalación susceptible de realizar operacións de exploración ou explotación de recursos marítimos ou de destinarse a calquera outra actividade, situados sobre o leito do mar, ancorados ou apoiados nel». De igual modo a define no art. 59.1 a Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima, que sinala ademais o seguinte no art. 59.2: «por encontrarse permanentemente suxeita ao fondo das augas, a plataforma fixa ten a consideración de ben inmovible de acordo co Código civil» (Gabaldón García e Ruíz Soroa, 2006). Trátase por tanto dunha concepción ampla e integradora no dereito marítimo de todo un conxunto de relacións xurídicas que nacen ou se desenvolven co mar (Domínguez Cabrera, 2004).

Ademais para os efectos do noso Código de comercio as plataformas petrolíferas considéranse buques, segundo dispón o art. 146 do Regulamento do rexistro mercantil aprobado polo Decreto do 14 de decembro de 1956, ao establecer que se lles dará a consideración de buques «non só ás embarcacións destinadas á navegación de cabotaxe ou altura, senón tamén aos diques flotantes, pontóns, dragas, gánguiles e calquera outro aparello flotante destinado ou que poida destinarse a servizos da industria ou comercio marítimo ou fluvial» (Carril Vázquez, 1999).

De por parte, para analizarmos as relacións de traballo e a protección destes traballadores, é necesario coñecermos o réxime da Seguridade Social en que se inclúen, que como evidenciou a resolución da Dirección Xeral de Ordenación Xurídica e Entidades Colaboradoras da Seguridade Social do 1 de xuño de 1993 (Instituto Nacional da Seguridade Social, 1996) é o réxime especial dos traballadores do mar. Nesta resolución indícase que os traballadores ao servizo de plataformas marítimas se encadran entre os traballadores por conta allea incluídos no art. 7.1.a) da Lei xeral da Seguridade Social, é dicir, os que «presten os seus servizos nas condicións establecidas polo art. 1.1 do Estatuto dos traballadores, nas distintas ramas da actividade económica ou asimilados a eles, ben sexan eventuais, de temporada ou fixos, mesmo de traballo descontínuo, e incluídos os traballadores a distancia, e con independencia, en todos os casos, do grupo profesional do traballador, da forma e contía da remuneración que perciba e da natureza común ou especial da súa relación laboral».

E é que a súa peculiar actividade, e máis aínda, o lugar onde se realiza, son o que determina o seu encaixe nun réxime especial e non no réxime xeral. Como xa apuntou no seu día a exposición de motivos do texto refundido das leis que regulan o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, «o colectivo protexido [...] queda constituído polos que do mar, directa ou indirectamente, obteñen o medio fundamental de subsistencia», de modo que a protección dispensada «depende do feito verdadeiro de traballo no mar ou para o mar e de vivir da compensación económica que esta circunstancia proporcione». Arestora o que determina a súa inclusión neste réxime é o art. 3 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, en que se recoñece de xeito expreso o encadramento nel dos traballadores de plataformas marítimas:

Artigo 3. Traballadores por conta allea

Quedarán comprendidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar as seguintes persoas traballadoras por conta allea:

a) Persoas traballadoras que exerzan a súa actividade marítimo-pesqueira a bordo das embarcacións, buques ou plataformas seguintes, e figuren no seu rol como técnicos ou tripulantes:

1.º De mariña mercante.

2.º De pesca marítima en calquera das súas modalidades.

3.º De tráfico interior de portos.

4.º Deportivas e de recreo.

5.º Plataformas fixas ou artefactos ou instalacións susceptibles de realizar operacións de exploración ou explotación de recursos mariños, sobre o leito do mar, ancorados ou apoiados nel [...]

9. Non cabe dúbida, daquela, de que estes traballadores están enmarcados no réxime especial do mar. Isto ten importantes consecuencias sobre os dereitos dos traballadores de plataformas marítimas, en particular no tocante ás prestacións a que se lles dá acceso (art. 14 da Lei 47/2015):

Artigo 14. Prestacións

1. Ás persoas traballadoras comprendidas no campo de aplicación deste réxime especial e, de ser o caso, aos seus familiares ou asimilados, concederáselles, na extensión, termos e condicións que se establecen na presente lei e nas disposicións regulamentarias que lles sexan de aplicación, as prestacións seguintes:

a) Asistencia sanitaria nos casos de maternidade, enfermidade común ou profesional e de accidentes, sexan ou non de traballo, tanto en territorio nacional como a bordo e/ou no estranxeiro.

b) Recuperación profesional, cuxa procedencia se aprecie en calquera dos casos que se mencionan no punto anterior.

c) Prestación económica por incapacidade temporal.

d) Prestación económica por maternidade.

e) Prestación económica por paternidade.

f) Prestación económica por risco durante o embarazo.

g) Prestación económica por risco durante a lactación natural.

h) Prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave.

i) Prestación económica por incapacidade permanente.

j) Prestación económica por xubilación.

k) Prestacións económicas por morte e supervivencia.

- l) Prestacións familiares.
 - m) Prestacións por desemprego nos seus niveis contributivo e asistencial.
 - n) Prestacións por cesamento de actividade.
 - ñ) Prestacións asistenciais e servizos sociais en atención a continxencias e situacións especiais derivadas do traballo no mar.
 - o) As prestacións por servizos sociais que se poidan establecer en materia de formación e rehabilitación de persoas con discapacidade e de asistencia ás persoas maiores, así como naquelas outras materias en que se considere conveniente.
2. Igualmente, e como complemento das prestacións comprendidas no punto anterior, poderanse outorgar os beneficios da asistencia social.

Por último, cabe sinalarmos a obriga que a norma establece para os empresarios que deban empregar traballadores incluídos no campo de aplicación deste réxime especial, como requisito previo indispensable para a iniciación das súas actividades, de se inscribiren no rexistro que para ese efecto levará a entidade xestora, comprensivo de empresas, embarcacións e instalacións (art. 7).

Como cabe observarmos, no noso país as plataformas están asimiladas aos buques, polo que no tocante á xurisdición competente para coñecer os posibles litixios xurdidos e a aplicación dos dereitos sociais dos traballadores a normativa de referencia é a do réxime especial dos traballadores do mar.

V. Criterios xurisprudenciais na protección dos traballadores de plataformas marítimas dos tribunais españois

10. A xurisprudencia dos nosos tribunais, como fonte de coñecemento acerca do traballo nas plataformas marítimas, evidencia a súa peculiaridade como centro de traballo que adoita ser punto de conxerencia de moi distintas normas. E é que, en efecto, falamos dunha actividade laboral no mar cunha forte connotación internacional, que adoita formular conflitos na determinación da lexislación aplicable e do ordenamento xurídico polo que se rexen as condicións de traballo e de seguridade social dos traballadores que prestan servizos nas devanditas plataformas.

Sobre tales conflitos tiveron que pronunciarse os tribunais, cuxas resolucións se basean sempre na famosa Lei do pavillón, que neste caso vén determinada ben polo lugar de

matrícula da plataforma, ben polo lugar (plataforma continental) de soberanía nacional ou de augas internacionais onde está instalada. Non obstante, os litixios que propiciaron esta xurisprudencia non só versan sobre conflitos de leis (na súa contía inferiores), senón tamén sobre cuestións laborais e de seguridade social.

11. Así, atopámonos diversa casuística sobre os aspectos que se recollen a seguir.

a) Seguridade Social

Sobre conflitos derivados da afiliación ao réxime da Seguridade Social correspondente, podemos referir algúns pronunciamentos especialmente interesantes, como a STSX das illas Canarias 441/2008, do 31 de marzo (XUR/2008/162651). Nesta sentenza, derivada dunha solicitude de prestación por viuvez, débátese se o causante estaba ou non de alta na Seguridade Social, xa que prestara servizos para varios empregadores nos Estados Unidos, malia que non cotizara á Seguridade Social do devandito país, senón que realizaba o aseguramento para o risco de asistencia sanitaria e accidente de traballo con compañías privadas.

O TSX das illas Canarias considerou que o requisito de estar de alta ou en situación asimilada no momento do feito causante debe ser obxecto dun tratamento flexible e moralizado polos tribunais en atención a razóns humanitarias, sempre que tendo cotizado o período mínimo esixido non pareza unha diminución da seguridade social. Así, tendo en conta a situación de asimilado á alta ao atoparse en situación de paro involuntario, unido isto a unha traxectoria de longa vida laboral con períodos de subsidio por desemprego en España, entendeuse demostrado o *animus laborandi* do causante, de maneira que o TSX considerou –como xa o fixera o tribunal de instancia– a situación de asimilado á alta ao falecemento do causante. Ademais, a falta de carencia argumentada tampouco é tida en conta, xa que computa os cincocentos días desde a data da inscrición como demandante de emprego, pois a doutrina da paréntese aplícase ao período de paro involuntario, subsidiado ou non, durante o cal unha persoa permanece inscrita como demandante de emprego. Daquela, ditamínase que procede conceder a prestación.

No mesmo sentido, véxase a STSX de Cataluña 5543/2003, do 18 de setembro (AS/2003/3647); a STSX de Aragón 1383/2004, do 7 de decembro, e a STSX de Madrid 475/2012, do 26 de decembro.

b) Xubilación

En materia de xubilación os nosos tribunais determinaron o dereito á aplicación dos coeficientes redutores da idade mínima dos traballadores que prestan servizos en plataformas marítimas, polas especiais circunstancias de penosidade, perigo, continua separación da familia e afastamento do fogar en que desempeñan o seu traballo. Esta era unha posibilidade incluída no art. 37.3 do Decreto 2864/1974. Os coeficientes redutores aplícanse ao tempo de traballo efectivamente realizado nas citadas actividades, de acordo co Real decreto 1311/2007, do 5 de outubro, polo que se establecen novos criterios para determinar a pensión de xubilación do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, en que se dispón un coeficiente redutor da idade de xubilación do 0,35 para os traballadores de plataformas petrolíferas durante os períodos efectivamente traballados nelas.

Neste sentido, véxanse as seguintes sentenzas: STSX de Aragón 879/2010, do 29 de novembro (XUR/2011/49660); STSX de Cataluña 5743/2010, do 13 de setembro (AS/2010/2269); STSX de Estremadura 293/2010, do 1 de xuño (XUR/2011/208144); STSX de Galicia 2327/2011, do 26 de abril (XUR/2011/208144); STSX de Galicia 2360/2012, do 23 de abril (XUR/2012/152282); STSX de Cataluña 567/2012, do 23 de xullo; STSX de Galicia 1331/2013, do 27 de febreiro (XUR/2013/138162); e STSX de Galicia 1818/2013, do 15 de marzo (AS/2013/2310).

c) Invalidez

En materia de invalidez, os tribunais manifestaron en diversas sentenzas que, a teor do disposto no art. 59.2 do Regulamento xeral da Lei 116/1969, do 30 de decembro, sobre o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, «as pensións de invalidez [...] a que os acollidos a un ou outro de ambos os réximes (xeral e especial) poden ter dereito en virtude das normas que os regulan, serán recoñecidas, segundo as súas propias normas, pola entidade xestora do réxime onde o traballador estivese cotizando no momento de solicitar a prestación, tendo en conta a totalidade de períodos a que se refire o número anterior e coas excepcións seguintes: [...] c) cando o traballador non reunise en ningún de ambos os réximes, computadas separadamente as cotizacións a eles efectuadas, os períodos de carencia precisos para causar dereito á pensión, poderán sumarse para ese efecto as cotizacións efectuadas a ambos os réximes. En tal caso a pensión outorgarase polo réxime en que teña acreditado maior número de cotizacións». Xa que logo, de reunir os requisitos no réxime especial do mar, debe recoñecérselles aos traballadores o dereito a unha prestación incapacidade permanente. Por todas, véxase a STSX de Asturias 509/2011, do 25 de febreiro (XUR/2011/143060), a que pertence a cita.

d) Accidentes de traballo

Canto aos accidentes de traballo, a xurisprudencia sinalou a súa conformidade co regulado no art. 11 do Regulamento de seguro de accidentes de traballo, aprobado polo Decreto do 22 de xuño de 1956, cuxo último parágrafo dispón que gozarán dos beneficios reparadores tanto os traballadores como os seus habentes causa cando o accidente ocorrese no cumprimento da misión temporal que se lles confiase fóra de España, o que se reitera na Orde do 15 de abril de 1969, por todo o cal mentres tales actividades sexan accidentais ou de tempada, aquela área de actuación non está limitada nin á terra nin ás augas xurisdicionais.

Véxase a STS do 20 de abril de 1981 (RX/1981/1761), e, no mesmo sentido, a STSX de País Vasco do 19 de maio de 1992 (AS/1992/2473); a STSX de Castela e León/Valladolid 962/2010, do 15 de setembro (XUR/2010/343255); e a STSX de Castela e León 2894/2011 do 18 de novembro (2894/2011/424417).

e) Contratos de traballo

Outras cuestións laborais expostas ante os nosos tribunais polos traballadores de que nos ocupamos teñen relación co contrato de traballo e a súa natureza. A este respecto, os tribunais sinalaron que os seus contratos están encadrados no art. 1.1 do Estatuto dos traballadores e cumpren os requisitos de voluntariedade, natureza persoalísima e retribuída da prestación, dependencia e carácter alleo de froitos e riscos inherentes ao contrato de traballo que as partes subscriben; isto para alén de concretaren que a dependencia non se neutraliza aínda que os traballadores dispoñan de certa autonomía nas súas tarefas concretas como consecuencia da actividade que leven a cabo (STS 1412/2006, do 10 de xullo, e STSX de Galicia 512/2006, do 14 de xullo, XUR/2009/5651).

Polo demais, para que os tribunais españois sexan competentes para coñecer de todo aquilo relacionado co contrato cómpre que este teña lugar por medio dunha oferta realizada en España a través de consignatario/a, por empresas españolas ou para traballos que se han de prestar en chan español (STSX de Galicia do 16 de febreiro de 1996, AS/1994/702).

f) Despedimento

Os tribunais tamén se pronunciaron en materia de despedimento, e cabe salientarmos ao respecto a STSX de Galicia do 11 de xaneiro de 1994 (AS/1994/204), sobre un despe-

dimento disciplinario. Tendo en conta que os servizos que se prestan nunha plataforma petrolífera situada en alta mar contan con características moi similares ás dun buque, considérase que existe unha esixencia disciplinaria de maior intensidade que en calquera relación laboral que se desenvolva en terra, xa que as alteracións que quebranten a necesaria xerarquía e dependencia poden ter consecuencias moito máis graves, que poden recaer mesmo sobre a convivencia de todos os traballadores. Así as cousas, os incumprimentos contractuais graves e culpables por parte dos traballadores son susceptibles de despedimento.

VI. Conclusións

Primeira. Á hora de analizar a protección social dos traballadores de plataformas marítimas cómpre termos en conta o lugar onde este colectivo presta os seus servizos: a plataforma, un centro de traballo peculiar pola súa situación, que pode dar pé á confluencia de diversas leis nacionais e internacionais e distintos sistemas de seguridade social (tantos como estados).

Segunda. Da asimilación das plataformas marítimas aos buques resulta que a lexislación aplicable aos traballadores que prestan nelas os seus servizos é a Lei do pavillón, ou lei de abandeiramento da plataforma, construída sobre a ficción de que esta é parte integrante do territorio do Estado. Isto conduce, en principio, á aplicación da lexislación sobre seguridade social da nacionalidade da plataforma. Deste xeito, os traballadores de plataformas marítimas españolas quedan comprendidos no campo de aplicación da normativa española da Seguridade Social, e máis en concreto no réxime especial de traballadores de mar.

Terceira. A casuística de fraudes nos abandeiramentos de buques, cuxo caso é semellante ao das plataformas marítimas, trouxo consigo unha regulación internacional que ben non menciona as plataformas ou ben de modo específico as exclúe abertamente, como a Convención sobre alta mar aprobada en Xenebra o 29 de abril de 1958 pola ONU, ou a Convención das Nacións Unidas sobre o dereito do mar, asinada en Montego Bay (Xamaica) o 10 de decembro de 1982.

Cuarta. A publicación do Convenio da OIT sobre traballo marítimo, 2006, CTM 2006, supuxo unha oportunidade desaproveitada para recoñecer de forma máis explícita os traballadores de plataformas marítimas, xa que dentro na cerna do seu desenvolvemento

se atopa a necesidade de procurar un novo instrumento para os gobernos, os armadores e a xente de mar comprometidos cos principios do traballo decente, que poida actualizarse de xeito doado e que facilite a aplicación e o control da normativa.

Quinta. Os mesmos dereitos estipulados para a xente de mar polo CTM 2006 terán que serlles recoñecidos aos traballadores españois tras a súa ratificación polo Goberno de España, pola asimilación ao buque das plataformas marítimas na nosa normativa; entre outros, o dereito á protección da saúde, á atención médica, a medidas de benestar e a outras formas de protección social. E, dentro dos límites da xurisdición, cumprirá asegurarlles os mesmos dereitos no emprego e idénticos dereitos sociais que á xente de mar.

Sexta. Os tribunais laborais foron suplindo e corrixindo as deficiencias lexislativas existentes en defensa da aplicación da lexislación laboral e da Seguridade Social española aos traballadores de plataformas marítimas españois, e fixérono defendendo a súa competencia para coñecer este tipo de asuntos, independentemente das normas que deban entrar en xogo.

Sétima. En definitiva, cabe chamarmos a atención sobre o pouco esforzo dos órganos nacionais e internacionais na tarefa de estableceren unha normativa específica sobre as plataformas marítimas. As normas xurídicas e os convenios internacionais sobre o traballo no mar están pensados exclusivamente para os buques, polo que existen notables lagoas xurídicas en materia de plataformas marítimas, as cales poderían, porén, ser liquidadas polos operadores lexislativos nacionais e mesmo supraestatais. Dado que a mobilidade transnacional nestas plataformas constitúe un fenómeno en alza, co obxecto de garantir unha tutela eficaz dos traballadores españois que abandonan as nosas fronteiras no exercicio da súa carreira profesional, sería necesario que se establecesen os mecanismos substantivos e procesuais pertinentes para evitar a súa desprotección.

Referencias bibliográficas

BOTO MIRANDA, J. M. (2009) «El trabajo en el mar y la jurisprudencia comunitaria» *Revista del Ministerio de Trabajo e Inmigración* 82, p. 419.

CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2015) *Una cuestión de derechos humanos: la protección de seguridad social de nuestros trabajadores del mar emigrantes en Noruega*. Pamplona, Aranzadi, pp. 31 e 51.

CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (1999) *La seguridad social de los trabajadores del mar*. Madrid, Civitas, p. 197.

DE LA VILLA DE LA SERNA, P. (2009) «Convenio de la Organización Internacional de Trabajo sobre el Trabajo Marítimo, 2006. Ratificación y vigencia. Texto normativo» *Revista del Ministerio de Trabajo e Inmigración* 82, p. 401.

DOMÍNGUEZ CABRERA, M. P. (2015) «El buque como objeto del Registro de Bienes Muebles» en ídem *El registro de buques y otros vehículos de la navegación. La Ley 14/2014, de 24 de julio, de Navegación marítima*. Valencia, Tirant Lo Blanch, p. 46

GABALDÓN GARCÍA, J. L. e RUÍZ SOROA, J. M. (2006) *Manual de derecho de la navegación marítima*. Madrid, Marcial Pons, pp. 240-249.

GONZÁLEZ DÍAZ, F. A. (2002) «Fuentes constitucionales y pilares normativos de la obligación de seguridad y salud en el trabajo» *Aranzadi Social* 5, p. 705.

INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL (1996) *Catálogo de resoluciones administrativas. Acción protectora*. Madrid, Instituto Nacional da Seguridade Social, p. 289 e ss.

MARTÍN VALVERDE, A. (2014) «La reforma del mercado laboral de 2012 se ajusta a la Constitución. Análisis de la sentencia del Tribunal Constitucional 119/2014, de 16 de julio (BOE 15 de agosto)» *Actualidad Laboral* 12, p. 1.

RODRÍGUEZ COPE, M. L. (2005) «La protección social de los trabajadores del mar» en Correa Carrasco, M. (coord.) *La protección social en las relaciones laborales extraterritoriales*. Madrid, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, p. 499.